



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA COA ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL URBANO ZONA MONUMENTAL PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COMERCIO.

Na cidade de Pontevedra, a oito de novembro do ano dous mil dezaoito.

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra.

E doutra parte, D. Miguel Angel Lago Rey, Presidente da asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental, segundo acordo adoptado na Asemblea xeral extraordinaria, celebrada o día 18 de setembro de 2012.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamiente capacidade bastante para a formalización do presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN:

1.- Que a asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental, que conta na actualidade cun número de asociados próximo a 160, ven organizando desde a súa constitución no ano 2004, unha serie de actividades encamiñadas a dinamizar a vida económica e social do entorno sobre o que desprega a súa labor, a cal se dirixe non só ao colectivo asociado senón tamén ao resto da poboación pontevedresa. Esta asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental ven promovendo, igualmente, actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e promoción turística do concello, tamén é habitual a súa colaboración activa nos eventos festivos e culturais da cidade, polo que merecen o recoñecemento e apoio da institución municipal.

2.- Pola súa parte, o Municipio, ó amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Régime Local, pode promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal; e a teor do recollido no artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no artigo 23, do Decreto de 17 de xuño de 1955, do regulamento de Servizos das corporacións Locais, estas poderán conceder subvencións a entidades cuños servizos ou actividades complementen as atribuídas á competencia local. A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local permite no artigo 3.3 apartado b) que o Concello poida continuar con esta actividade de fomento que xa foi establecida en exercicios anteriores. Neste senso, é de aplicación o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións na que se establece o procedemento de concesión directa de subvencións e na Ordenanza Xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra aparece regulado dito procedemento nos artigos 36, 39 e 40 do referido texto.

En base a canto antecede e considerando o disposto no art. 255 da Lei 5/1997, e no art. 72 da Lei 7/1985 citadas, que determinan que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, e considerando tamén o establecido no art. 310 da Lei 5/1997 da Comunidade Galega e no art. 111 do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, respecto que as Entidades locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ou ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, acordan celebrar o presente convenio tendo en conta ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Pontevedra e a asociación de empresarios "Centro Comercial Urbano Zona Monumental", na organización e desenvolvemento de actividades de promoción do comercio que sexan promovidas pola asociación no cumprimento dos seus obxectivos.

SEGUNDA- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o 01/04/2018 e a súa vixencia será dun ano dende a data sinalada.

TERCEIRA- Contido do programa e accións a desenvolver.

A asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental ten previsto a organización durante o período de vixencia do convenio das seguintes actividades: *carroza, campaña de volta ao cole, alumedado de nadal e pontenadal*, estimando o seu custo na cantidade de 45.250,00 euros, engadida a actividade xerencial para o seu desenvolvemento, e sendo a contribución do Concello para o desenvolvemento deste programa de actividades de 22.625,00 €.

Actividades 1º período	Orzamento	Contribución 1º período
CARROZA	2.542,21 €	
CAMPAÑA DE VOLTA AO COLE	2.633,22 €	
UNIDADE XERENCIAL	3.618,03 €	

	8.793,46 €	4.396,73 €
Actividades 2º período	Orzamento	Contribución 2º período
ALUMEADO DE NADAL	16.689,56 €	
PONTENADAL	19.766,98 €	
	36.	18.228,27 €
Total	456,54 €	22.625,00 €

* Así mesmo, o importe total subvencionable será liberado cando se xustifique polo menos o cincuenta por cento dos custos de cada actividade, admitíndose unha posible variación, a alza ou a baixa, dun 10 % nos custos proxectados por actividade pero sempre que o importe total xustificado por cada período non sexa inferior ao 50 % do custe real, nese caso a subvención verase minorada proporcionalmente na porcentaxe correspondente.

CUARTA- Orzamento do Concello.

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas no presente convenio o Concello de Pontevedra achegará, do orzamento municipal para o ano 2018, a cantidade de catro mil trescentos noventa e seis euros con setenta e tres céntimos (4.396,73 €) e no exercicio 2019 dezaoito mil douscentos vinte oito euros con vinte e sete céntimos (18.228,27 €.) .

As achegas previstas polo Concello de Pontevedra serán destinadas a financiar parcialmente os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, entendidos estes, gastos de persoal, gastos correntes, materiais, etc.

De non xustificaren o importe total do orzamento obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o obxecto nel establecido, o Concello de Pontevedra minorará a súa achega proporcionalmente ó importe xustificado

QUINTA- Financiamento e forma de pago.

O Concello de Pontevedra, a fin de colaborar no financiamento dos gastos orixinados polas actividades relacionadas nas estipulacións anteriores comprométese a achegar a cantidade de 22.625,00 euros/anuais, en concepto de subvención, con cargo

ás anualidades e aplicacións orzamentarias seguintes:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2018	08.431.0-489.00	4.396,73 €
2019	08.431.0-489.00	18.228,27 €

SEXTA.- Forma de pagamento.

A citada axuda será obxecto de pagamento tras o desenvolvemento das actividades e unha vez que a asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental, presente os xustificantes acreditativos dos gastos realizados, conforme os artigos 19 e 20 da Ordenanza xeral reguladora das Subvencións do Concello de Pontevedra.

A presentación da xustificación dos gastos correspondentes as actividades financeiradas polo presente convenio realizarase en dous períodos, sendo a data límite para a presentación dos gastos realizados durante o primeiro período o 15 de novembro e para os realizados durante o segundo período o 31 de marzo.

SÉTIMA.- Xustificación do gasto.

Cada xustificación realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Declaración do cumprimento das actividades obxecto do convenio.
- Conta de ingresos e gastos do período que se xustifica, incluíndo relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións, achegas de calquera tipo ou outro tipo de ingresos).
- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Facturas orixinais, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, ou calqueira outro documento de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

As facturas deberán cumplir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago. Deberá achegarse pola beneficiaria a xustificación documental do pago, e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta

xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

Segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 2.500,00 euros, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.

Xunto coa última xustificación deberá presentarse así mesmo:

- Declaración do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria anual explicativa do desenvolvemento das distintas actuacións.

Conta de ingresos e gastos da anualidade, incluíndo relación desagregada de todos los ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións, achegas de calquera tipo ou outro tipo de ingresos).

A concesión da subvención polo Concello de Pontevedra será compatible con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental deberá comunicar ao Concello de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e procederse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A falta de presentación de xustificación unha vez transcorridos os prazos salientados, dará lugar ao requerimento de xustificación por parte do Concello, no prazo improporcional de 15 días. A falta de presentación da xustificación neste novo prazo, conllevará a perda da subvención polo que respecta ao período non xustificado, pero manterá a vixencia ao respecto de períodos posteriores.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, supere o 100 % dos custos subven-

cionables

A asociación beneficiaria da axuda económica establecida na estipulación terceira, a teor do disposto no art. 189 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, queda obrigada a acreditar antes da súa percepción que se encontra ao corrente das súas obligas fiscais co Excmo. Concello, así como xustificar a aplicación dos fondos recibidos.

OITAVA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

1.- A asociación proverase das autorizacións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, e porá en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento das mesmas, no suposto que non resulte preciso a obtención da licenza municipal.

Así mesmo, como organizadora das actividades, a asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental estará obrigada a suscribir unha póliza de responsabilidade civil que garanta as responsabilidades que se poidan derivar por danos e perxuzos que se causen tanto ao Concello de Pontevedra como a terceiros como consecuencia da execución das actividades así como ao persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

O adxudicatario deberá xustificar documentalmente antes do inicio das actividades, así como cando se lle requira, a contratación de dita póliza.

2.- A asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental comprometese a facer constar no material que utilice e anuncios publicitarios que efectúe a colaboración económica do Concello de Pontevedra. Non serán obxecto de subvención os folletos, mapas, guías ou calquera outra publicación de carácter turístico de contido similar os que efectúe o Concello, obligándose a asociación a obter a autorización da Alcaldía para a utilización da información que conteñen aqueles.

3.- A asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental poderá subcontratar a execución total das actividades, acadando o 100% do importe das actividades subvencionadas. Os contratistas quedarán só obrigados ante o beneficiario da subvención, sendo este último o responsable da execución das actividades subvencionadas fronte ao Concello.

NOVENA.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 51 da lei 40/2015 de 01 de outubro de 2015 de Régime Xurídico do Sector Público, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

1. O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.




2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Asinado por triplicado exemplar e un so efecto, no lugar e data ao principio expresados.

O Alcalde,

Miguel A. Fernández Lores

*



O Presidente da asociación,

Miguel Ángel Lago Rey

